

Arrimo e faro de estudos galegos

Roberto PASCUAL

Resulta complicado falar pracenteira e obxectivamente desta última tempada ao pé das liñas de *Madrygal*, cando a axenda nos reitera o contrarrelloxo do traballo, a chamada do prelo para este número 10. O vagar, fiel aliado das boas cocciós non abonda ultimamente nas nosas espeteiras e, por tal motivo, apelarei desta vez ás outras consabidas defensas do pequeneiro na sabedoría popular, para xustificar estas sucintas liñas. Se breve, cálido; se breve, animoso; se breve madrigal, de amor composto. Porén, non escaso, subalerno, migalla. Si faro que vixía a magalla: a polpa que Galicia expande, *Madrygal* deglute nas súas seccións, *Madrygal* achega coa sa distancia. *Madrygal* pescuda e agarda no peirao matritense o material que fulxe grazas ao arrimo de tantas persoas que dende aquí preto e dende tantas universidades e centros de estudo de todo o mundo ollan a cultura galega como papel do seu compás. Para todas, con todas, esta revista científica forneada e presentada en dez variados menús perseguíu acadar o punto de referencia internacional que hoxe é.

Neste número dez seguimos a apostar por todos eses obxectivos que a publicación leva sumando e experimentando dende o ano 98, con certos retoques no esquema, no que os tempos e as experiencias nos devolven (fundamentalmente coa incorporación dun novo apartado: “Varia” e coa aposta por fixar a complexa sección de teatro na creación, en afanosa teima por visibilizar as cualidades da dramática galega contemporánea, os seus valores e os seus demostrados talentos).

Supoño que un está máis implicado emocionalmente cando lembra as tarefas na distancia, como se pode apreciar comparativamente cos escritos dos meus compañeiros e antecesores. Con todo, malia o relato dende os fogóns, non quixera ser excesivamente racional nin frío e limitar estas breves liñas a unha decrición das mudanzas de formato nos artigos esixidas polas normas

internacionais das publicacións científicas, ou a ponderar a temática necesariamente equitativa da revista en torno á Lingua, á Literatura e ao resto das Artes e das Ciencias de Galicia. Para isto acudo a quen mellor lle pode dar calor a este traballo, por suposto todas as mans somerxidas neste obradoiro, mais tamén os alentos, as gabanzas, as críticas, a admiración, a sorpresa e os intereses de tantos lectores e lectoras, crédulos e incrédulos que, malia as características e a definición non prolixamente popular nin precisamente divulgativa, fan que o nome de *Madrygal* se escoite dende os puntos máis diversos.

Madrygal é o apelativo dunha fusión de materia e contexto(s). Entre estes últimos, o correspondente ao que a profesora Ana Acuña denomina con sagacidade “os da sétima”. Aí segue hoxe esta fiestra de galeguidade a través da cal se animou e anima a crear futuros investigadores no eido da Filoloxía, das Humanidades, espreitando un panorama galaico propio que trascende estas follas, ás veces difícil de (querer) encaixar nesta nova universidade que nos agarda, en plena reforma dos plans de estudos vinculados, que tomará corpo no cercano Espazo Europeo de Educación Superior en 2010. Esta revista, sendo sempre sinónimo de oportunidade, de canle, de acicate, nunca obviou o rigorismo e a multiplicidade de estadios. Mais nos tempos actuais quizais lle toque a esta plataforma ser arauto, coa forza do seu mar, dun novo compromiso cos estudos filolóxicos en xeral e co papel da Filoloxía Galega no sistema universitario español e nesta universidade en particular.

Réstanos agradecer a todas e cada unha das almas inquedas e activas que puxeron o seu gran de area para que *Madrygal* chegase ao seu número 10, lembrar aos que durante estes anos nos deixaron e animar a cantas confíen en lle outorgar a este proxecto, polo menos outros dous lustros máis, unha frondosa “vida madrigalega”.